

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DOS SERVICIOS PARA A IMPARTICIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS 2021/22, EXPEDIENTE TR332A 2021/14.

TRAMITACIÓN ORDINARIA. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 46.005,00 €, IVE EXENTO

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 46.005,00 €, IVE EXENTO

DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Concedida a esta Mancomunidad pola Dirección Xeral de Formación e Colocación unha subvención de 250.000,00 € e cun cofinanciamento de 40.697,68 €, o custo total do proxecto é de 290.697,68 € para a posta en práctica de Programas Integrados de Emprego de Galicia durante os anos 2021 e 2022, ao abeiro da Orde 7 de xullo de 2021.

Visto que, o Programa de Emprego xustifícase coa inserción de demandantes por colectivo no mundo laboral, tales como: persoas desempregadas con discapacidade; mulleres vítimas de violencia de xénero; menores de 30 anos con baixa cualificación; menores de 30 anos cualificadas; desempregadas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego; beneficiarias da axuda do programa de recualificación profesional, mulleres desempregadas e persoas desempregadas de longa duración.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación do servizo, consistente na impartición de accións formativas, promovendo a inserción laboral dos desempregados da comarca e, incentivando a profesionalización do noso tecido produtivo, a través da especialización, da formación e da capacitación dos candidatos para os postos ofertados.

Visto o expediente de contratación incoado para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, para a impartición das actividades formativas para o Programa Integrado de Emprego da Mancomunidad do Salnés 2021/22.

Á vista das características e do importe do contrato, óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

Redactados o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, existindo consignación suficiente na aplicación orzamentaria 22.241.227.99, cunha subvención de 250.000,00 €, cofinanciada pola Consellería de Emprego e Igualdade por importe de 40.697,68 €, dun custo total do proxecto de 290.697,68 €, realizándose por este importe unha reserva de crédito e, emitidos os informes de Secretaría e Intervención.

Á vista do expediente de contratación tramitado.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 117 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, esta Presidencia **RESOLVE**:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo para a impartición das actividades formativas para o Programa Integrado de Emprego da Mancomunidad do Salnés 2021/22, expediente TR332A 2021/14, por importe de 46.005,00 €.

SEGUNDO. Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 22.241.227.99 do orzamento para o ano 2022.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas (PPT) que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para a presentación de ofertas durante o prazo de 15 días naturais dende o día seguinte ao da publicación.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

Mándao e asíno a Presidenta, do que eu, como Secretaria, dou fe. En Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,
Marta Giráldez Barral

A SECRETARIA,
M^a Carmen Merino Moína

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

